

1ª. Lee este artigo e pescuda sobre a orixe social, a formación que recibiron e as oportunidades que tiveron as mulleres citadas para desenvolver os seus proxectos de vida. Elabora:

- Un **mapa conceptual** comparando os resultados da túa pescuda sobre os temas indicados.
- Unhas **conclusións** nas que reflexiones partindo da comparación desas información.



substituír ao director que tiña naquel momento, escolleron á única muller da redacción: María Luz Morales. Despois da vitoria de Franco e a censura que houbo durante a posterior ditadura, Morales sufriu esta represión adicándose a literatura.

No 1940 foi encarcerada nun convento de Sarriá polo delito de ter sido directora dun xornal "rojo". Despois de cumprir a súa condena de 40 días perdeu a condición de xornalista, pero continuou publicando baixo nomes como Jorge Marinada ou Ariel.

Jimena y Elisa Fernández de la Vega

Dúas irmás xemelgas nadas en Vegadeo (Asturias) no 1895 marcaron a historia dos estudos profesionais por parte de mulleres. Tres anos antes de que ingresaran na universidade publicábase o decreto que permitía ás persoas de sexo feminino matricularse nesta institución en condicións similares ás dos homes. Así foi como se converteron nas primeiras mulleres en acceder á Universidade de Santiago de Compostela no 1914 e, a pesar das burlas e discriminacións dos seus compañeiros e profesores, conseguiron licenciarse en **Medicina destacando enormemente** cos seus expedientes.

Cipriana, Josefa y María

Na madrugada do 2 de xaneiro de 1922 chegaba ás costas de Ribeira, concretamente ás da illa de Sálvora, o Santa Isabel. Este barco que transportaba a máis de 250 pasaxeiros protagonizou un suceso coñecido como o "Titánic galego", xa que comezou a afundirse nesta zona.

Debido a que acababa de ser Ano Novo, na illa quedaban pouco máis dunha vintena de habitantes, xa que a maioría estaban noutros lugares pasando estas datas coas súas familias. Cipriana Oujo, Josefa Parada e María Fernández, de 24, 16 e 14 anos respectivamente, alertaron aos veciños e lanzáronse ás escasas augas para salvar a maior xente posible. Unha cuarta muller, Cipriana Crujeiras, esperaba aos sobreviventes para asistilos na costa. Máis de 200 persoas morreron afogadas e elas foron condecoradas como "Heroínas de Sálvora" polo seu labor.

Irene González

En 1909 nacia en A Coruña a que sería a primeira xogadora de fútbol profesional de España: Irene González. Compartindo equipo con xogadores masculinos que rematarían por destacar neste deporte, como Eduardo González Valiño, Irene era quen de encher campos de fútbol cada semana para vela xogar.

A pesar dos comentarios despectivos por entremeterse nun mundo que era considerado unicamente masculino, seguiu adiante fundando o seu propio equipo no 1924: Irene F.C. Non obstante, a tuberculose fíxoa alonxarse do campo de xogo e perder a vida con tan só 19 anos no 1928.

Grandes esquecidas: as mulleres agochadas entre as sombras da historia de Galicia

Foron moitas as galegas que fixeron cousas destacables ao longo dos séculos, pero moi poucas son recordadas pola sociedade // Dende a primeira corresponsal de guerra ata a primeira almirante

VIERNES 8 DE MARZO 2024 **26 EL CORREO GALLEGO**

ADRIANA QUESADA
Santiago

A historia de Galicia, e do mundo, está chea de mulleres esquecidas: científicas, escritoras, pensadoras, xornalistas... Persoas que foron dadas de lado por razón do seu xénero e que non tiveron as mesmas oportunidades que os seus coetáneos homes.

Xa son moi soados os nomes de Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal, Rosalía de Castro... Mulleres que non puideron ser esquecidas pola súa importante traxectoria e que, como no caso de Rosalía de Castro, tamén forman parte da cultura popular do pobo galego. Non obstante, a pesar disto, moitas outras seguen agochadas entre as sombras e dobreces do paso dos anos e séculos.

Sofía Casanova

Sofía Casanova foi a primeira muller correspondente de guerra. Nacida en Almeiras, A Coruña, e cunha vida digna de novela, era unha muller coñecedora de distintos idiomas, a cal a Primeira Guerra Mundial sorprendeu estando na fronteira con Alemaña. Despois duns meses neses territorios, moveuse a Varsovia onde o xornal ABC a declarou correspondente de guerra dentro da zona oriental.

Sofía Casanova non só foi a primeira muller en poder exercer dita profesión, senón que dentro da súa carreira profesional houbo traballos tan destacados como unha entrevista a Troski e a súa testemuña de eventos como o golpe de estado de Lenin. Non chegou a cubrir integra-

mente a Segunda Guerra Mundial, botárona do ABC por escribir contra a ocupación alemá de Polonia e morreu no 1958.

Isabel Zendal

O nome de Isabel Zendal é recoñecido por ser o que recibe o hospital de emerxencias de Madrid. Non obstante, quen foi esta muller? Nada en Ordes, A Coruña, no 1773 é recoñecida pola Organización Mundial da Saúde (OMS) por ser a primeira enfermeira en participar nunha misión internacional. Nun momento no que a variola representaba unha ameaza para milleiros de vidas, un médico inglés foi quen de atopar unha vacina para paliar esta problemática.

O médico da corte de Carlos IV, coñecedor disto, fixo que o rei permitira a distribución da vacina no continente americano. Para lograr este obxectivo inoculáron a varios nenos, posto que non podían viaxar coa vacina nun barco debido as condicións ambientais, e a tarefa de Isabel Zendal era que todos chegaran con vi-

Moitas mulleres foron pioneiras en distintos campos e tratadas inxustamente

As dúas primeiras mulleres que estudaron na USC entraron no 1914 e conseguiron licenciarse en Medicina

da ao seu destino. Puxo en alza o seu labor cobrando o mesmo que un enfermeiro e cumprindo coa súa obriga case a perfección.

María Soliño

Ai que solifiña quedaches, María, María Soliña.

España no século XVII foi o escenario de xuízos levados a cabo pola Inquisición a supostas meigas e María Siliño, de Cangas, foi unha delas. Entrando no cárcere segredo da Inquisición no 1621, o seu xuízo centrouse en amosar que esta muller tiña poderes demoníacos capaces de espertar o mal, cando realmente detrás desas acusacións estaba o interese da nobreza de facerse coas súas posesións.

A pesar do que calquera puidera pensar, María Soliño, aos 70 anos de idade e despois de ser sometida a torturas, asegurou que levaba sendo bruxa dúas décadas á vez que pedía clemencia ao xulgado porque se arrepentía. Nun principio, xunto con outras mulleres, foi sentenciada a morrer na fogueira, pero remataría por ser perdoada e condenada a unha calquera de bens e a portar o hábito penitencial. Descoñécese que pasou con María despois de ser posta en liberdade.

Isabel Barreto

Nativa de Pontevedra, Isabel Barreto foi a primeira muller almirante de navegación a nivel mundial. Nada no 1567 e casada co aventureiro Álvaro de Mendaña, quen descubriu as illas de Salomón, Isabel embarcou co seu marido para facer-

se coas riquezas deste territorio.

Durante esta expedición, Álvaro de Mendaña perdería a vida deixando todo a súa muller, incluída a súa posición ao fronte da expedición. Por primeira vez na historia da conquista española, unha muller estaba no cargo de máxima autoridade. Non obstante, é preciso recordar que a figura de Isabel Barreto non só foi esquecida, senón que tamén manchada polas acusacións de ser unha persoa cruel cos que habitaban os territorios que quería conquistar e coa propia xente da tripulación.

María Pita

Cantos barcos ao longo da historia levarían o nome desta muller? Nada en Cambre no 1565, converteuse nunha heroína ao conseguir a retirada das tropas inglesas de A Coruña. No momento en que os ingleses chegaron a este territorio, os habitantes víronse obrigados a agocharse na chamada Cidade Vella.

Nunha situación de desprotección e baixo o grito de "Quen teña honra que me siga", María Pita conseguiu espertar os ánimos dos coruñeses para que levantasen as súas armas contra os ingleses, que remataron por fuxir do territorio.

María Luz Morales

A primeira directora muller dun xornal de alcance nacional foi María Luz Morales, nada en A Coruña no 1889. España vivía momentos convulsos pola guerra civil e o goberno catalán confiscou varias cabeceiras de xornais, entre os que se atopaba *La Vanguardia*. Para

2ª. Lee estes documentos. **Clasifícaos**, indica o tipo de tema e as ideas principais de cada un deles. Despois **elabora unha composición** sobre as condicións laborais e de vida desas mulleres, e as razóns das súas protestas durante o período que abranguen estes textos.

Docto. 1. Descripción dunha revolta na fábrica de tabacos da Palloza (*El País*, Diario de Pontevedra, 13-12-1857).

“O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade da Coruña. Parece que en lugar dos cigarros que se facían antes nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferentes feituras e cunhas follas que van engomadas, suprimindo os virxinias ou comúns e os de capa habana ou mixtos, e en vez deste, crearon un obradoiro de pitos [cigarros pequenos] cunha máquina para picar o tabaco... Como ambas as dúas operacións son novas, non se prestan nin se axeitan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que apenas sacan a terceira parte do xornal a que estaban acostumadas. Isto, e o pouco satisfeitas que están do director desta fábrica, alporizounas en termos que o expresado día 7, sobre a unha da mañá alborotáronse aquelas 4.000 mulleres, arremeteron contra os xefes e empregados do establecemento, destrozaron todo o tabaco picado, pitos e folla que tiveron a man, e o que había tempo que estaban elaborando, pisándoo e botándoo todo ao mar, rompendo en mil anacos as máquinas novas para picar o tabaco, que custaron 14.000 pesos, botándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon na habitación do director”.

Docto. 2. Extractos da novela *La Tribuna* de Emilia Pardo Bazán (década de 1880, ed. de B. Varela Jácome, Cátedra, 2013, 17ª ed., paxs. 105 e 209)

“La fábrica de tabacos de Marineda [A Coruña] fue centro simpatizador para la [República] federal. De la colectividad fabril nació la confraternidad política; a las cigarrereras se les abrió el horizonte republicano ... por medio de la propaganda oral y por los periódicos que pululaban. Hubo en cada taller una o dos lectoras; les abonaban sus compañeras el tiempo perdido ... Amparo tenía una boca no más que alimentar; la crisis económica no podía importarle atanto como a las que reunían seis hijos, tres o cuatro hermanos, familia dilatada, sin más recursos que el trabajo de una mujer... En la tienda se cansaban de fiarles y se veían perdidas ... ¡Pedir limosna! ¡Que humillación para la fábrica!. No, se ayudarían mutuamente, como siempre; las que estaban mejor se rascarían el bolsillo para atender a las más necesitadas y, en efecto, así se hizo, verificándose numerosas cuestaciones siempre con fruto abundante”.

Docto. 3: Autobiografía de Annaliese Rüegg, nena suiza de comezos do século XX:

“Nunca supe si fui lista o no. Simplemente sabía que los niños y niñas más ricos y mejor vestidos estaban sentados en las primeiras filas y eran la atención principal del maestro [...] Como yo sabía que iaba a trabajar en la fábrica más adelante pensé: ¿Por qué preocuparme de estudiar y aprender?. Se pueden limpiar máquinas y atar hilos sueltos sin saber ortografía ni geografía y le propietario de la fábrica sabra calcular mi sueldo sin mi ayuda, sabra aconsejarme y el decidirá por mi”.

Docto. 4: Comunicado dunha manifestación de mulleres (Barcelona 1918).

¡MULLERES DE BARCELONA, todas ó mitin!

Esta tarde ás catro terá lugar o **¡MITIN DA FAME no local do GLOBO!** SITO NO SALON DE SAN JUAN Para patentizar a infamia do Goberno, aliado con acaparadores e comerciantes; para demostrar a todas as mulleres españolas o que valemos cando queremos e que non estamos dispostas a consentir que os nosos fillos morran de fame e para tomar radicais acordos sobre os alugueiros, xornais e subsistencias, que ningunha falte ó mitin. Así demostraremos a nosa forza, a nosa razón e o noso dereito: a xustiza.

3ª. Elabora un **texto argumentativo** no que reflexiones sobre as relacións entre condición feminina, orixe social, situación económica e oportunidades de vida nesas sociedades.